

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE MAIO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Decreto polo que se crea a Rede de parques naturais de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Documentación e Administración Sanitarias.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Caracterización e Maquillaxe Profesional.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Comercio Internacional.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Automobilismo para a organización dos campionatos galegos de rallys (rallys asfalto, rallymix e rally montaña) no ano 2016, por un importe de cento tres mil cincocentos euros (103.500,00 €).
- Acordo polo que se declara Festa de Interese Turístico de Galicia o evento deportivo 'Pantin Classic Pro'.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Xunqueira de Ambía para a execución das obras de restauración da praza Bispo Carrascosa no contorno da Colexiata, por un importe de douscentos corenta e seis mil setecentos oitenta e catro euros cun céntimo (246.784,01 €).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da subministración de combustible de calefacción, gasóleo C, aos centros de consumo da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), por un orzamento de licitación, IVE incluído, de catro millóns trinta e oito mil cento doce euros con sesenta céntimos (4.038.112,60€) e un valor estimado, IVE excluído, de nove millóns novecientos sete mil cincocentos cincuenta e nove euros con trinta e dous céntimos (9.907.559,32€). Expediente de contratación nº 02/2016 SXT.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a adecuación e posta en marcha de estruturas de investigación, por un importe total de novecientos nove mil seiscentos corenta e nove euros (909.649,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de cento noventa e oito mil setenta e oito euros con noventa e tres céntimos (198.078,93€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto previsto nel, por un importe total de dous millóns cento cincuenta mil catrocentos euros (2.150.400,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de doce auxiliares de conversa para o curso 2016/2017, por un importe total de cento trinta e nove mil cento corenta euros (139.140,00€).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o Concello de Carballedo, para reforma e ampliación dun edificio para destinalo a centro onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia. Importe total: setecentos noventa e un mil novecentos corenta e cinco euros (791.945,00 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2015 e a súa convocatoria no ano 2016.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre o convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e o seu contorno urbano.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o próximo comezo das accións formativas programadas prioritariamente para persoas traballadoras desempregadas de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre o Proxecto INCLÚE: innovación para a inclusión social e a súa formulación de futuro para garantir unha atención de calidade no eido da inclusión social.

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO DECRETO QUE CREA A PRIMEIRA REDE DE PARQUES NATURAIS DE GALICIA

- *Esta rede será un instrumento esencial para levar a cabo unha xestión optimizada e coordinada destes espazos, xunto co Parque Nacional Marítimo-Terrestre, ao tempo que se promove o seu coñecemento e a súa conservación*
- *Un dos obxectivos que se persegue é situar a marca Parques Naturais de Galicia como referente en España baixo unha identidade corporativa global*
- *Búscase o impulso para crear unha oferta de natureza diferenciada, innovadora e de calidade, co deseño de novas rutas temáticas, unha rede de miradoiros e novas formas de viaxar, como o xeoturismo e o turismo ornitolóxico*
- *Defínense tres eixes de desenvolvemento a partir dos cales se establecen sete liñas de actuación concretas, así como 22 plans de acción e 51 medidas para impulsar*
- *Galicia conta con máis dun 12% do seu territorio ocupado por espazos naturais que contan con algún tipo de protección, entre os cales destacan: seis parques naturais, un parque nacional marítimo terrestre, seis monumentos naturais e cinco zonas húmidas protexidas*

Nos últimos anos é cada vez maior o número de visitantes interesados en coñecer os espazos naturais de Galicia. Por esta razón, a Xunta creou a primeira Rede de Parques Naturais de Galicia, que permitirá unha xestión compartida e coordinada destes espazos, ao tempo que se impulsan outras zonas próximas. Desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio considérase que esta medida facilitará e garantirá a conservación e o coñecemento dos valores polos que estes espazos foron declarados, ao mesmo tempo que se potenciará a actividade económica e produtiva na súa área de influencia.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se crea esta rede, que constitúe un instrumento esencial para levar a cabo unha boa coordinación na xestión de todos os parques de Galicia ao tempo que realizar a súa promoción, divulgación e conservación. Isto coordinado e impulsado de xeito conxunto non só co Parque Nacional das Illas Atlánticas, senón tamén con outros espazos que pertencen a diferentes figuras de protección.

Na actualidade Galicia conta con máis dun 12% do seu territorio ocupado por espazos naturais protexidos con algunha figura de protección, grazas aos seis parques naturais (Baixa Limia- Serra do Xurés, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro e Serra de Enciña da Lastra), ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, así como os monumentos naturais (Praia das Catedrais, Carballa da Rocha, Costa de Dexo, Fraga de Catasós, Serra de Pena Corneira, Souto da Retorta, Souto de Rozabales, Pregamento Xeolóxico de Campodola – Leixazós), as cinco zonas húmidas protexidas (Complexo das praias,

lagoa e duna de Corrubedo, Complexo Intermareal Umia- O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría de Ortigueira e Ladrado, Ría de Ribadeo), as paisaxes protexidas e as zonas de especial protección dos valores naturais. Todos estes espazos están protexidos por diferentes figuras de protección, como a Rede Natura 2000, zonas húmidas Ramsar, as áreas protexidas do convenio Ospar ou as reservas da biosfera.

### **Primeiras medidas**

De xeito inmediato poranse en marcha unhas actuacións concretas para dinamizar estes espazos nun prazo breve, de cara a tempada estival, polo que se instalará unha nova sinalización na totalidade dos parques, con nova rotulación e recambio da sinalización; e crearase unha nova aplicación para promocionar os parques naturais no seu conxunto, ao tempo que se lles permite aos visitantes contar con información destes espazos en tempo real a través dos seus dispositivos móbiles.

Relacionado con esta actuación, tamén se porá en marcha unha nova páxina web da Rede, con información actualizada e centralizada nun mesmo espazo, xa que na actualidade hai moita información dispersa pola rede. Nese sentido, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, a Rede de parques terá un espazo propio na web de Turismo de Galicia, para darlle visualización e aproveitar a sinerxía que brinda este espazo da Axencia, e difundirá folletos a través da rede de oficinas de turismo nas sete grandes cidades, así como noutras oficinas e albergues públicos da rede do Xacobeo. Medio Ambiente traballa no deseño dun pasaporte con todos os parques e a edición de exemplares e dípticos con información conxunta de todos os parques.

As consellerías de Educación e de Política Social tamén colaborarán no impulso desta rede, coa promoción nos centros educativos de ensino de Galicia e para levar a cabo un programa de voluntariado estable nos espazos naturais da Rede de Parques, tal e como o que se vén desenvolvendo no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Así mesmo, desde a Dirección Xeral de Conservación da Natureza centrarán os seus esforzos en tres novas cuestións: como iniciar os trámites para a obtención da Carta de Turismo Sustentable e Destino Starlight, certificacións coas cales xa conta o Parque Nacional; comezar os traballos de redacción dos plans reitores de xestión do Monte Aloia e O Invernadeiro e a constitución do Comité da Rede, co fin de coordinar e velar pola xestión conxunta destes espazos.

### **Modelo de xestión compartido**

Coa creación desta rede promocionarase e poranse en valor para toda a sociedade as principais figuras do noso patrimonio natural e cultural, a educación ambiental, a difusión e investigación dos parques naturais, así como o turismo sustentable e outras actividades para o desenvolvemento socioeconómico das poboacións próximas a eles.

En definitiva, trátase de converter os seis parques naturais, xunto co parque nacional, nun modelo de xestión compartido e coordinado que garanta as sinerxías para a súa posta en valor, conservación e promoción, así como dinamizar as economías locais próximas.

Grazas a esta rede tamén se coñecerán os datos e as cifras relativos á xestión das principais áreas de actuación da rede; para avanzar no obxectivo de converter a Rede de parques de Galicia nun atractivo ecoturístico e acadar un equilibrio entre o fluxo de visitantes e a súa axeitada conservación. Un reto que permitirá situar a marca Parques Naturais de Galicia como referente en España baixo unha identidade corporativa global.

### **Tres eixes de actuación con 51 medidas**

De cara á creación e impulso desta rede, defínense tres eixes de desenvolvemento a partir dos que se establecen sete liñas de actuación concretas, así como 22 plans de acción e 51 medidas para impulsar.

O primeiro e principal obxectivo é a coordinación da Rede de parques de Galicia, para o cal será preciso activar os seguintes plans de acción, como o fomento da coordinación e intercambio de información, o impulso a programas de voluntariado nos parques naturais e de valores de emprego, e a planificación da xestión de visitantes. Unha liña de actuación máis dentro deste primeiro eixe é a promoción e adhesión da Rede de parques á Carta Europea de Turismo Sustentable ou a outros estándares de certificación deste tipo.

O segundo dos eixes céntrase na xestión e uso, xa que a xestión e as boas prácticas do patrimonio natural, cultural e da biodiversidade é unha peza fundamental. Nese sentido, impulsarase a custodia do territorio como modelo de conservación participativo e realizaranse xornadas de cooperación na conservación.

O compromiso é facer unha rede de parques accesible e cunha especialización e calidade de atención ao visitante, con medidas como un plan de sinalización da rede, un impulso a accesibilidade universal, e establecendo un servizo de guías especializados e autorizados en toda a rede. Esta liña de acción vai en consonancia á liña que fomenta a educación ambiental, divulgación e investigación, polo que as actividades irán enfocadas a remarcar os valores patrimoniais, establecendo plans de sensibilización para a poboación e as empresas afincadas nas áreas vinculadas aos parques e apoiando os traballos e as publicacións de investigacións científicas.

Por último, o terceiro dos eixes centrarase na promoción e posta en valor, coa especialización da oferta e potenciación de empresas ecosustentables nas áreas de influencia dos parques, non só coa creación de empresas ecosustentables, senón tamén coa promoción das actividades forestais e agrícolas sustentables permitidas nos

usos dos parques, así como a creación dunha oferta de natureza ecoturística diferenciada.



## **CULTURA E EDUCACIÓN COMPLETA A ACTUALIZACIÓN DOS CURRÍCULOS DAS FAMILIAS PROFESIONAIS DE AGRARIA, COMERCIO E IMAXE PERSOAL**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos novos títulos de técnico superior en Gandarfa e Asistencia en Sanidade Animal, en Documentación e Administración Sanitarias, en Comercio Internacional e en Caracterización e Maquillaxe Profesional***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos novos currículos dos ciclos formativos de grao superior en Gandarfa e Asistencia en Sanidade Animal, en Documentación e Administración Sanitarias, en Comercio Internacional e en Caracterización e Maquillaxe Profesional, cos cales a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria completa a actualización das titulacións das familias profesionais de Agraria, Comercio e Imaxe Persoal. Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia acada os 109 currículos adaptados ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Todos os currículos actualizados inclúen a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios, segundo a lexislación vixente, para o exercicio profesional, cando proceda.

### **Gandarfa e Asistencia en Sanidade Animal**

Quen obteña o título de técnico superior en Gandarfa e Asistencia en Sanidade Animal poderá exercer a súa actividade tanto na área de produción gandeira como en empresas relacionadas coa cría, o adestramento, a monta e a exhibición de gando equino e en institucións ou organismos públicos ou privados que realicen actividades de xestión e control sanitario de animais.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver son os de encargado de explotación gandeira, de máquinas e equipamentos gandeiros; responsable da produción en cooperativas, en sociedades agrarias de transformación e noutras asociacións de gandeiros; da produción en explotacións ou empresas gandeiras, en empresas de servizos relacionados coa produción gandeira; de inseminación artificial en explotacións gandeiras ou en centros de recollida de seme; do manexo e dos coidados do gando e das instalacións en centros de adestramento e doma de gando equino; do manexo e dos coidados do gando, e das instalacións en

escolas e clubs de equitación; do manexo, dos coidados e da administración de terapias en centros de pupilaxe, descanso e recuperación de gando equino; de empresas de servizos relacionadas co sector equino, ou responsable xestor de gandarías equinas. Tamén poderá desenvolver os traballos de visitador de produtos de veterinaria, integrante en comisións de valoración, selección e compra de gando equino, asesor e supervisor para a planificación, a montaxe e o funcionamento de empresas e entidades asociadas a eventos, espectáculos, demostracións ecuestres e actividades recreativas, deportivas e terapéuticas (hipoterapia); axudante de veterinaria en facultades e centros de investigación animal, en equipos veterinarios especializados en animais de granxa e produción, en explotacións gandeiras, en agrupacións de defensa sanitaria, en asociacións de produtores ou en empresas do sector agroalimentario e de servizos á gandaría.

### **Documentación e Administración Sanitarias**

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Documentación e Administración Sanitarias exercen a súa actividade no sector sanitario, en organismos e institucións en atención tanto primaria como especializada, así como en centros hospitalarios e de investigación.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poden desenvolver son os de técnico superior en documentación sanitaria, asistente de equipos de investigación biomédica, secretario de servizos sanitarios, ou responsable técnico de codificación de documentación sanitaria, de arquivos de historias clínicas, de tratamento e deseño documental sanitario, de sistemas de información asistencial sanitaria, de avaliación e control de calidade da prestación sanitaria, de xestión de procesos administrativo-clínicos ou de unidades, departamento ou centros sanitarios.

### **Comercio Internacional**

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Comercio Internacional exercerán a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo, nomeadamente do sector do comercio e márketing público e privado, realizando funcións de planificación, organización, xestión e asesoramento de actividades de comercio internacional.

As ocupacións que poderán desempeñar serán as de técnico en comercio exterior, de operacións exteriores de entidades financeiras e de seguros, en administración de comercio internacional, de márketing internacional, de márketing dixital internacional, de venda internacional, en loxística do transporte ou en loxística inversa. Ademais, poderán traballar como asistentes ou axentes de comercio internacional, asistentes ao departamento de operacións comerciais internacionais, transitaros, xefes de almacén, consignatarios de buques, operador loxístico ou coordinador loxístico.

### **Caracterización e Maquillaxe Profesional**

Os titulados superiores en Caracterización e Maquillaxe Profesional exercerán a súa actividade en empresas dedicadas ao desenvolvemento de proxectos de caracterización para producións audiovisuais e escénicas, en talleres e estudos de caracterización e en empresas dedicadas á maquillaxe profesional. Nelas poderán ocupar postos como os de caracterizador, xefe de maquillaxe para medios audiovisuais e actividades e actuacións escénicas, peiteador para caracterización, maquillador para medios audiovisuais e actividades e actuacións escénicas, posticeiro, especialista en próteses e efectos especiais de caracterización, deseñador de personaxes de caracterización, formador técnico en caracterización, técnico comercial, ou xefe de peiteado para espectáculos e medios audiovisuais, de caracterización.

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO PARA A ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS GALEGOS DE RALLYS NO ANO 2016**

- ***A achega destinarase á organización dos campionatos galegos de rallys de asfalto, rallymix e rally montaña, neste 2016***

O Consello da Xunta de Galicia do día de autorizou a sinatura por parte da Secretaría Xeral para o Deporte do convenio de colaboración coa Federación Galega de Automobilismo que ten por obxecto a organización dos campionatos galegos de rallys para este ano 2016 nas modalidades de rally de asfalto, rallymix e rally montaña.

A autorización do Consello supón un compromiso de gasto para a Secretaría Xeral para o Deporte de 103.500 euros, que se vén a sumar ao investimento no convenio asinado o pasado mes de febreiro coa Federación Galega de Automobilismo por importe de 37.466€ para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva en Galicia neste ano 2016.

Con esta acehga da Secretaría Xeral para o Deporte prevese a organización de 9 probas de rallys de asfalto, 8 probas de rallymix e outras 8 probas de rallys de montaña, un total de 25 probas automobilísticas repartidas polas catro provincias galegas.

Vinte e un equipos de competición galegos, contarán con axuda económica para a organización das probas de rally grazas a este convenio subscrito entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, que terá a obriga de asegurar que polo menos o 50% da contía establecida neste convenio sexa destinada a garantir as medidas de seguridade na diferentes probas.

Ademais desta obriga, a Federación Galega de Automobilismo, no momento de asinar este convenio, deberá velar pola igualdade entre mulleres e homes, colaborar e facilitar a participación de persoas con discapacidade, así como velar polo cumprimento do establecido en materia de prevención e loita contra a dopaxe e contra a violencia no deporte.

A medida aprobada hoxe permite á Secretaría Xeral para o Deporte executar para 2016 unha das súas principais competencias, que é o apoio ao tecido deportivo de Galicia a través da colaboración coas súas federacións deportivas.

## O EVENTO DEPORTIVO “PANTÍN CLASSIC PRO” DECLARADO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- *Este campionato do circuío mundial da World Surf League acolle durante seis días, entre finais de agosto e comezos de setembro, máis de 35.000 visitantes de todas as partes do mundo*
- *Trátase do único evento de surf profesional internacional que se celebra en España, un dos poucos que se celebra a este nivel en Europa e o terceiro máis antigo a nivel internacional*
- *O campionato, ademais de posicionar a nosa comunidade como destino de surf a nivel internacional, permite mostrar todo o encanto da Galicia costeira*
- *Con esta declaración, a Comunidade Autónoma conta xa cun total de 113 festas de interese turístico de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para o evento deportivo ‘Pantin Classic Pro’, o circuío mundial da World Surf League que acolle durante seis días, entre finais de agosto e comezos de setembro, esta praia do concello de Valdoviño.

Para a súa declaración, foron valorados aspectos tales como a creatividade e innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa, a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración, así como, o especial coidado da estética e a posta en valor dos espazos naturais en que se desenvolve, que contribúen ao posicionamento internacional de Galicia.

Así mesmo, outro dos factores clave para o outorgamento da distinción foi a afluencia de visitantes acadada por este evento deportivo, que no pasado ano 2015 acolleu uns 35.000 visitantes.

No ámbito do surf, tanto en Galicia como no resto de España, o certame ‘Pantin Classic Pro’ ocupa un lugar moi destacado e xa constitúe unha das probas de surf máis importantes do calendario internacional. Trátase do único evento de surf profesional internacional que se celebra en España, un dos poucos que se celebra a este nivel en Europa e o terceiro máis antigo a nivel internacional.

Durante a súa celebración, a nosa comunidade acolle os mellores surfistas profesionais que se achegan a Galicia desde todas partes do mundo. Así, o campionato, ademais de posibilitarlles aos asistentes coñecer unha das praias galegas aptas para a realización da práctica deportiva e posicionar a nosa comunidade como destino de surf, permite mostrar todo o encanto da Galicia costeira.

Con esta declaración, a Comunidade Autónoma galega conta xa cun total de 113 festas de interese turístico de Galicia.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINA PRETO DE 247.000 EUROS Á RESTAURACIÓN DA PRAZA BISPO CARRASCOSA DE XUNQUEIRA DE AMBÍA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta actuación, que se inscribe dentro do Plan Hurbe*
- *Os traballos comprenderán varios espazos que se integran no conxunto da Colexiata de Santa María a Real, declarada monumento histórico-artístico nacional*
- *Trátase do segundo investimento destas características que se realiza no concello, ao cal xa se destinaron máis de 341.000 euros en 2011*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destinará preto de 247.000 euros a restaurar a praza Bispo Carrascosa, situada no concello de Xunqueira de Ambía. O Consello da Xunta autorizou hoxe este investimento, que se distribuirá en dúas anualidades.

En concreto, a actuación abarcará os espazos da praza Bispo Carrascosa, o adro da Colexiata e o extremo nordeste de praza San Rosendo, integrados todos eles no conxunto da Colexiata de Santa María a Real, considerada monumento histórico-artístico nacional e Ben de Interese Cultural. Polo tanto, a área de intervención sitúase no centro do núcleo urbano tradicional e está rodeada por edificacións tradicionais de pedra.

O obxectivo dos traballos será conservar o contorno da colexiata; mellorar a imaxe do conxunto do espazo público e as súas condicións de uso; executar as canalizacións precisas para poder completar no futuro as instalacións sen necesidade de intervir de novo no subsolo da praza; e priorizar o uso peonil, evitando a presenza de vehículos aparcados nestas áreas que serán destinadas tan só ao uso de veciños e visitantes.

Para conseguilo, entre outras obras, está previsto realizar a drenaxe do perímetro dos muros e a canalización do saneamento; executar beirarrúas de pedra, no estilo das tradicionais xa existentes; recolocar lousas mal asentadas no pavimento; colocar mórrons pregables e bancos; e executar nova xardinaría.

### **Plan Hurbe**

Esta actuación inscríbese no Plan HURBE, que a Xunta impulsou en 2010 para dar resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento do contorno urbano aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

De feito, esta é a segunda actuación executada no concello de Xunqueira de Ambía ao abeiro deste plan, posto que o Goberno galego xa investiu máis de 340.000 euros en 2011 en mellorar o contorno da Colexiata de Santa María.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería destinará máis de seis millóns de euros a este plan, dos cales máis de 3,5 millóns serán para novas actuacións que permitirán realizar investimentos en máis de 20 concellos. O orzamento destinarase, principalmente, á humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Entre outros beneficios, o HURBE favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación arredor dos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupera espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico, e potencia a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.



## A XUNTA IMPULSA O AFORRO NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA COA CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO

- *O Consello aproba a medida de eficiencia enerxética no marco da Rede de enerxía da Xunta de Galicia, Redexga, que suporá un aforro anual mínimo de 110.000 euros*
- *Esta mellora afecta a compra da subministración de combustible para calefacción de máis de 280 centros da Xunta repartidos por toda Galicia*
- *O consumo anual de gasóleo C destes centros é de preto de 4 millóns de litros ao ano*
- *A iniciativa se suma á contratación centralizada das subministracións de electricidade e gas natural, que xa ten xerado aforros de preto de 13 millóns de euros desde 2013*

O Goberno galego continúa a diminuír o importe da súa factura enerxética coa contratación centralizada da compra de gasóleo C para calefacción no marco da Rede de enerxía da Xunta de Galicia-Redexga, unha medida de eficiencia enerxética aprobada hoxe polo Consello da Xunta e que suporá para as arcas públicas un aforro anual mínimo de 110.000 euros.

Esta mellora abarcará 281 centros da Xunta, que suman un consumo anual de 3,6 millóns de litros de gasóleo C, aos cales se poderán sumar máis instalacións da Administración autonómica durante os vindeiros meses. A contratación posta en marcha terá unha vixencia inicial de dous anos; entrará en vigor a partir do primeiro de outubro e rematará o 30 de setembro de 2018, e coa posibilidade de aprobar unha prórroga por outras dúas anualidades.

Deste xeito, o Goberno galego, na súa aposta pola eficiencia enerxética, segue a desenvolver a Redexga, consolidándoa como un sistema pioneiro de xestión enerxética, e coa previsión de permitir ao Goberno autonómico xerar un aforro de 37 millóns de euros ata o ano 2020, dos cales xa ten acadado preto de 13 millóns.

Ademais desta aposta pola eficiencia na compra de gasóleo para a calefacción dos edificios públicos, Redexga acadou, desde a súa posta en marcha en 2013, a posta en marcha doutros dous contratos enerxéticos centralizados. En primeiro lugar, o de electricidade, ao cal se encontran adheridos neste momento 1.643 puntos de subministración e, posteriormente, o de gas natural canalizado e gas natural licuado, que hoxe suma un total de 113 puntos adheridos. Os hospitais do Sergas ou a Cidade da Cultura son algunhas das últimas incorporacións á rede.

A integración dos distintos centros enmárcase no labor que, como parte da rede, vén desenvolvendo o Centro Intensivo de Aforro Enerxético, xestionado polo Inega. Neste sentido, o Inega está a actuar como asesor enerxético da Administración a través da

elaboración de pregos técnicos en materia de eficiencia enerxética, e do deseño e execución de proxectos singulares.

Todas estas actuacións se encadran na Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico 2015-2020, que ten como obxectivos, entre outros, diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración.

## CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 900.000 EUROS PARA REFORZAR O POLO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA E FÍSICA DA USC

- *Este investimento permitirá dotar o Cebega do equipamento e mobiliario necesarios para a súa apertura, así como acondicionar os laboratorios e espazos empregados por persoal científico de referencia na Facultade de Físicas*
- *Con esta achega, que se suma á destinada para a construción do complexo, a Xunta favorece o asentamento do 'Campus Vida' como referencia no ámbito da biomedicina e da biotecnoloxía, sustentado tamén no Hospital Veterinario Rof Codina, no Cebiovet e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará preto de 910.000 euros ao Centro de Biomedicina Experimental (Cebega) e a outras dependencias empregadas por persoal científico de referencia da Facultade de Física co fin de reforzar o polo de investigación biomédica e biotecnolóxica creado na Universidade de Santiago de Compostela (USC), así como as novas liñas de investigación en Física.

Así se desprende do proxecto de acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta de Galicia que ten dous obxectivos. O primeiro pasa por dotar este centro de investigación dos sistemas, equipamento e mobiliario necesarios para a súa apertura e posta en funcionamento. E, por outro lado, esta achega tamén permitirá acondicionar os laboratorios e espazos de investigación na Facultade de Físicas, sobre todo aqueles en que desenvolve a súa actividade a Agrupación Estratéxica de Física Fundamental e Aplicacións na Tecnoloxía e a Saúde (Aefis) e os científicos Starting Grant, beneficiarios dun contrato do ERC (Consello Europeo de Investigación).

O Goberno galego busca, por tanto, seguir favorecendo e consolidando o Campus de Excelencia Internacional 'Campus Vida' como un polo de referencia internacional no ámbito da biomedicina e da biotecnoloxía. Un clúster sustentado, ademais de no Cebega, no Hospital Veterinario Rof Codina, no Cebiovet –ambos os dous situados no Campus de Lugo e enmarcados no Campus Terra– e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

### **Natureza do Cebega**

Con esta achega, a Consellería volve mostrar o seu compromiso con este centro de innovación e investigación, ao cal xa destinou máis dun millón de euros no 2012 para axudar na súa construción. O Cebega nace co obxectivo de prestar servizo a todos os axentes do ámbito das ciencias da vida que demandan animais de laboratorio de calidade, definidos ética, legal, sanitaria e xeneticamente.

Ademais, tamén achegará as infraestruturas singulares para as técnicas máis avanzadas de experimentación biomédica, dotando os científicos das instalacións e dos laboratorios de apoio adecuados para a realización da súa investigación nun contorno óptimo.

### **Actuacións no centro e na facultade**

Para dar resposta a estas necesidades, así como para garantir a apertura e a súa posta en funcionamento, a Xunta financiará os sistemas de control, monitorización de instalacións, seguridade, sinalética e comunicacións; o equipamento sanitario, de esterilización, desinfección e servizos varios; o equipamento científico auxiliar; así como o mobiliario de apoio e dotación de vestiarios e baños. Ademais, tamén se fará cargo da obra de urbanización do contorno do edificio.

Por outro lado, e tendo en conta que os laboratorios e espazos da Facultade de Física da USC resultan insuficientes para levar a cabo as actividades da AEFIS e os proxectos dos Starting Grant asociados á dita agrupación estratéxica, este investimento servirá tamén para acondicionar estas instalacións.

### **Apoio á investigación de referencia e especialización**

Estas dúas actuacións buscan incrementar a presenza e o peso de Galicia no panorama internacional da ciencia e da tecnoloxía, co fin de atraer ao Sistema universitario de Galicia (SUG) investigadores internacionais capaces de liderar proxectos de alto impacto nos centros tecnolóxicos e de investigación galegos.

Para logralo, a Xunta de Galicia leva apoiando nos últimos anos a investigación de referencia a través de diferentes accións, entre as cales destaca a aposta decidida pola especialización dos campus, sobre todo dos periféricos, converténdooos en verdadeiros polos de coñecemento en permanente contacto co contorno produtivo de cada zona.

## **CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A MÁIS DE 352 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL**

- ***A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 198.000 euros, en prol dun ensino de calidade axustado á diversidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada a 352 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao convenio asinado por ambas as entidades, o que fai posible que 6 profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE prestando apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, coma en centros e unidades de educación especial. A Consellería destina a este convenio máis de 198.000 euros.

Ao abeiro deste acordo facilítaselle o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Deste xeito favorécese a súa inclusión educativa, ademais dunha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

Neste sentido, o obxectivo do convenio é a unión de formas para dar cumprimento ao compromiso fixado pola Consellería a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; neste caso xuntando os recursos materiais da ONCE ao capital humano do profesorado que cede a Consellería neste acordo. Con este mesmo fin, o departamento educativo da Xunta de Galicia vén colaborando, en materia de transporte escolar adaptado e comedor, con entidades como Autismo Ourense, Aspanaes, Amencer-Aspace, Aspronaga, Fundación MENELA, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, Amicos, ACEESCA, Grumico, ASCM FERROL, BATA. Así mesmo, a Consellería asinou un convenio de colaboración con COGAMI para o desenvolvemento de accións que inciden na formación permanente do profesorado e na sensibilización e elaboración de materiais didácticos que permitan un maior e mellor coñecemento das circunstancias específicas asociadas á discapacidade.

## CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA O SEU ACORDO CO MINISTERIO PARA DOTAR O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO DE 370 AUXILIARES DE CONVERSA E SUMA OUTROS 12 AO ABEIRO DUN ACORDO COA COMISIÓN FULBRIGHT

- *A eles sumaranse 125 auxiliares, que se incorporarán ao sistema de ensino galego, ben financiados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co Ministerio de Educación, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens*
- *Deste xeito, Galicia volverá ser unha das comunidades autónomas con máis auxiliares de conversa, en liña coa aposta polo plurilingüismo que está a facer a Xunta de Galicia, con máis de 500 auxiliares de conversa o vindeiro curso*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará o seu acordo co ministerio do ramo para a selección de 370 auxiliares de conversa destinados no sistema educativo galego, aos cales se sumarán outros 125 auxiliares, que se incorporarán ao sistema de ensino galego, ben financiados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens. Así mesmo, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación doutros 12 auxiliares de conversa de alto perfil académico para o curso 2016/2017.

O importe de ambos os dous convenios autorizados hoxe na reunións semanal do Goberno galego – o do Ministerio e o da Comisión Fulbright) ascende a 2.246.340 euros. Deste xeito, Galicia volverá ser unha das comunidades autónomas con máis auxiliares de conversa, en liña coa aposta polo plurilingüismo que está a facer a Xunta de Galicia.

Dentro dos 370 auxiliares de conversa, 33 (17 de inglés, 7 de francés, 7 de alemán e 2 de chinés) destinaranse á Rede de escolas oficiais de idiomas e 337 (328 de inglés, 8 de francés e 1 de portugués) ao resto dos centros con ensinanzas bilingües. Todos eles realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino e estarán supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

O Ministerio ocuparase de seleccionar os profesionais e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería, que financia integramente a súa estada, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. Ademais, tamén organizará unha xornada de acollida dirixida a todos os auxiliares participantes.

No caso do acordo coa Comisión Fulbright, a comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección das persoas auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas, e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

Con estas actuacións prevese que no curso 2016-2017 apoiarán os centros galegos máis de 500 auxiliares de conversa ( un 11% máis que neste curso).

### **Centros plurilingües e seccións bilingües**

No actual curso funcionan en Galicia un total de 257 centros plurilingües e 3.630 seccións bilingües, ao abeiro das cales preto de 90.000 alumnas e alumnos teñen un ensino plurilingüe. Está previsto que, ao abeiro das convocatorias para ampliar estas redes, se incremente o número de estudantes beneficiados polo Plan de potenciación das linguas estranxeiras no curso 2016/2017.

## A XUNTA DE GALICIA REFORMARÁ E AMPLIARÁ UN EDIFICIO EN CARBALLEDO QUE PRESTARÁ SERVIZOS DE AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- *A actuación levarase a cabo mediante un convenio de colaboración entre a Administración autonómica, que achegará ata 700.000 euros, e o Concello de Carballedo, que consignará máis de 90.000 euros para este fin*
- *Grazas a este acordo, poranse á disposición das persoas maiores e/ou dependentes un total de 24 prazas residenciais e 20 de atención diúrna*
- *A Xunta garante así o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, tomando en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Carballedo para a reforma e ampliación dun edificio na dita localidade, no cal se prestarán servizos das carteiras de promoción da autonomía e atención á dependencia. Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementa a dispoñibilidade de equipamentos de servizos sociais na zona rural de Lugo sur. En concreto, porase á disposición de persoas maiores e/ou dependentes 24 prazas de atención residencial e 20 de atención diúrna.

Este acordo suporá a posta en funcionamento dun centro de servizos sociais que dará resposta á demanda existente, garantindo así o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, e tomando en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural na definición e aplicación das políticas e medidas de protección social.

O convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017 e o importe total do orzamento ascende a 791.945 euros, dos cales a Xunta de Galicia financiará ata 700.000 euros e o Concello de Carballedo os 91.945 euros restantes.

A reforma e ampliación dun inmovible en Carballedo para a prestación de servizos de autonomía e atención á dependencia complementa as actuacións realizadas con base no Plan de desenvolvemento rural de Galicia. Un programa en que se analizan a situación e as necesidades de cada zona rural impulsando actuacións específicas. Entre as fontes de financiamento empregadas para acometer tales investimentos atópanse, por unha banda as cofinanciadas pola Administración xeral do Estado a través do Programa de desenvolvemento rural (PDR) e, por outra, os recursos propios da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia está a impulsar con cargo aos seus orzamentos as actuacións que pola súa singularidade adquiren un carácter prioritario. Tal é o caso das obras de reforma e ampliación deste inmovible situado no concello de Carballedo e no cal se investirán preto de 800.000 euros.



## **A XUNTA DE GALICIA, DENTRO DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, INICIA OS TRÁMITES PARA CREAR A AXENCIA PÚBLICA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

- ***Deste xeito dáse cumprimento á Lofaxga (Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico) que pretende evitar duplicidades e facer un uso máis racional e eficaz dos recursos públicos.***

Coa finalidade de racionalizar a Administración pública e mellorar a coordinación das actuacións en materia de desenvolvemento rural, o Consello da Xunta inicia os trámites para crear a Axencia Pública de Desenvolvemento Rural, a través da fusión da actual Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Deste xeito, dáse cumprimento á Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico (Lofaxga), que establece a regulación dos entes instrumentais para racionalizar o sector público autonómico. En concreto, conforme a disposición transitoria terceira da Lofaxga, Agader adáptase ao tipo de axencias públicas autonómicas.

Deste xeito, conséguese aglutinar nun só ente todas as competencias e funcións en materia de desenvolvemento rural, o que permitirá contar cun ente público único como instrumento básico de actuación para o fomento. A través desta fusión, todos os órganos e persoal que prestaban servizo na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural se adscribirán á nova Agader.

A nova Axencia será o instrumento básico de actuación do Goberno galego para o fomento e a coordinación do desenvolvemento do rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio, é dicir, será o órgano planificador da política autonómica de desenvolvemento rural.

Polo tanto, este ente encargarse da creación e a ampliación de explotacións agrarias e gandeiras, en canto que son actividades produtivas relevantes no medio rural galego, mediante a promoción e xestión do Banco de Terras de Galicia, así como da dinamización comarcal e de exercer as competencias sobre as estruturas e infraestruturas do medio rural e o regadío.

Cómpre recordar, ademais, que Agader é, e seguirá sendo, un dos xestores do Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 que máis liñas de financiamento desenvolverá ao longo de todo o período de programación.

Esta reestruturación, que non implica ningún custo, permitirá a racionalización dos recursos da Administración pública galega, para acadar unha mellor coordinación e prestación de servizos en materia de desenvolvemento rural.

## **A XUNTA CONVOCA POR TERCEIRO ANO CONSECUTIVO AS SUBVENCÍONS PARA OS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS**

- *Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a convocatoria de subvencións destinadas á formación dos empregados públicos das entidades locais de Galicia. Na nosa comunidade esta competencia está asignada á Escola Galega de Administración Pública*
- *Coa convocatoria destas subvencións, o Goberno galego mantén a aposta pola formación dos seus empregados públicos como garante dun servizo de calidade que repercute directamente na eficiencia e eficacia das entidades locais*
- *Grazas a esta medida, a Xunta subvencionou o ano pasado a posta en marcha de 12 plans de formación que supuxeron un total de 210 actividades, 5.142 horas de formación e nas cales participaron 4.017 alumnos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia e procedeu á súa convocatoria para este ano 2016. Coa convocatoria destas subvencións, o Goberno galego mantén a aposta pola formación dos seus empregados públicos como garante dun servizo de calidade, xa que estas accións repercutirán directamente na eficiencia e eficacia das entidades locais.

A Escola Galega de Administración Pública convocou novamente -e por terceiro ano consecutivo, as subvencións para o financiamento dos plans de formación das entidades locais de Galicia. Para este ano o importe do crédito dispoñible ascende a 415.132 euros , o que supón un 0,83 por cento máis respecto ao ano 2015.

Na presente convocatoria incorpóranse algunhas das modificacións puntuais, o que repercutirá nunha mellora da súa xestión, como que todas as actividades desenvolvidas ao abeiro destas subvencións garantirán a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega convocar estas subvencións destinadas á formación dos empregados públicos das entidades locais de Galicia. Esta competencia, que se desenvolve desde o ano 2014 a través dunha convocatoria anual, asignóuselle á Escola Galega de Administración Pública, que estableceu para o efecto dúas canles polas cales conduce a formación dos empregados do ámbito local, directamente mediante a elaboración dun programa específico que atende as necesidades propias das entidades locais e, indirectamente, mediante o financiamento dos plans de formación destas entidades.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes por parte das entidades locais para este ano, presentáronse un total de 12 plans formativos que corresponden ás catro

deputacións provinciais, á Federación Galega de Municipios e Provincias, á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e aos concellos de Cangas, Santiago de Compostela, Arteixo, Pontevedra, Ferrol e A Coruña. Neste momento, atopámonos na fase de análise de documentación.

### **Execución da convocatoria 2015**

Despois da primeira experiencia levada a cabo no ano 2014, a EGAP procedeu novamente en 2015 á convocatoria das subvencións para os plans de formación das entidades locais galegas, na cal se levaron a cabo unha serie de modificacións en determinadas cuestións que, pola experiencia do ano anterior, se consideraron necesarias para dar unha visión máis real do contido dos plans de formación e determinar, cunha maior concreción, uns criterios mínimos de calidade.

Nesta convocatoria presentáronse trece solicitudes para a concesión das subvencións, -cinco plans agrupados, sete plans unitarios e un plan interadministrativo- dos cales finalmente se levaron a cabo doce. Así, grazas a esta medida, a Xunta de Galicia subvencionou un importe total de 403.002 euros para a posta en marcha de 12 plans de formación que supuxeron un total de 210 actividades, 5.142 horas de formación e nas cales participaron 4.017 alumnos.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE OURENSE PARA DESENVOLVER A ESTACIÓN INTERMODAL E A SÚA INTEGRACIÓN URBANA

- *Entre os obxectivos do acordo está o de promover o transporte público e a mobilidade sustentable cunha estación intermodal que facilite a combinación entre modos de transporte*
- *Búscase, ademais, mellorar a conexión entre os barrios da cidade no contorno da estación*
- *O acordo responde tamén á finalidade de dotar a estación ferroviaria das instalacións necesarias para a chegada da alta velocidade no ano 2018*
- *A Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asume o compromiso de construír a estación de autobuses, para o cal deberá obter os terreos, así como redactar o proxecto e cofinanciar nun 67% o aparcadoiro de turismos subterráneo*
- *Actualmente, o Goberno galego está xa a avanzar no cumprimento deses compromisos mediante a redacción, en marcha, do proxecto construtivo da terminal de autobuses*
- *Adif asume as obras de adaptación da estación ferroviaria á alta velocidade e as actuacións de mellora da permeabilidade transversal da cidade na zona, ademais de facilitar os terreos para o aparcadoiro subterráneo e cofinancialo nun 33%*
- *Tamén deberá estudar co Concello unha proposta para a integración do ferrocarril na estación de Ourense, que inclúa unha conexión viaria de comunicación e a cubrición das vías na proximidade do viaduto da N-525*
- *Concello de Ourense deberá promover e tramitar as modificacións do planeamento urbanístico, ceder de maneira gratuíta os terreos necesarios para a execución da estación de autobuses que sexan da súa titularidade, así como reorganizar o tráfico e o transporte urbano*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio marco de colaboración entre o Goberno galego, o Concello de Ourense, o Ministerio de Fomento e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal da cidade a súa integración urbana. Con este acordo preténdese establecer o marco xeral de colaboración para a execución e o desenvolvemento da nova estación de autobuses de Ourense, configurándose un nó de intercambio modal coa estación ferroviaria e outros medios de transporte de viaxeiros.

Este convenio é froito do diálogo e as negociacións levadas a cabo durante os últimos meses entre os responsables e técnicos da Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, o Ministerio de Fomento e Adif, co obxectivo de acadar o acordo máis beneficioso para a estación intermodal.

Os obxectivos fundamentais que se salientan neste documento son tres: promover o uso do transporte público e a mobilidade sostible coa execución dunha estación intermodal que permita combinar diferentes modos de transporte público de forma rápida e eficiente; mellorar a permeabilidade transversal da cidade no contorno e dotar a estación ferroviaria das instalacións necesaria para a chegada da alta velocidade no ano 2018.

Con este convenio, a Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asume o compromiso de redactar os proxectos, executar e financiar as obras da estación de autobuses integrada na estación intermodal e de redactar o proxecto, executar as obras e cofinanciar nun 67% a reposición, en subterráneo, do aparcadoiro para turismos da estación. Ademais de obter os solos necesarios para a nova estación de autobuses e indemnizar os arrendatarios dos contratos que teña en vigor ADIF-Alta Velocidade no ámbito da estación de autobuses.

Actualmente, o Goberno galego está xa a avanzar no cumprimento deses compromisos mediante a redacción, en marcha, do proxecto construtivo da terminal de autobuses.

Pola súa banda, o Ministerio de Fomento deberá realizar e tramitar o estudo informativo da estación intermodal de Ourense, e ADIF-Alta Velocidade deberá redactar os proxectos, executar e financiar as obras de adaptación da estación ferroviaria aos servizos de alta velocidade e as actuacións de mellora da permeabilidade transversal da cidade na zona.

Ademais, asume o compromiso de transmitir á Xunta, preferentemente mediante expropiación, os terreos e as edificacións da súa titularidade necesarios para a execución da nova estación de autobuses, poñer a disposición do Goberno galego os terreos necesarios para a execución do aparcadoiro subterráneo, financiar nun 33% a execución das obras deste aparcadoiro e estudar conxuntamente co Concello unha proposta de integración do ferrocarril na estación de Ourense que inclúa unha conexión viaria de comunicación e a cubrición das vías na proximidade do viaduto da N-525.

En canto ao Concello ourensán, a Administración local terá que promover e tramitar, ata a súa aprobación definitiva, conxuntamente coa Xunta de Galicia e no ámbito das súas competencias, as modificacións necesarias no planeamento urbanístico; ceder á Xunta, de maneira gratuíta e libre de cargas e gravames, os terreos e aproveitamentos da súa titularidade necesarios para a execución da estación de autobuses; realizar as actuacións relativas á semaforización que sexan necesarias na rúa Eulogio Gómez Franqueira, e facer a reorganización do transporte urbano que garanta a conectividade da estación intermodal coa cidade.

Por outra parte, deberán estudar conxuntamente co ADIF-Alta Velocidade unha proposta de integración do ferrocarril na estación de Ourense que inclúa unha conexión viaria de comunicación e a cubrición das vías na proximidade do viaduto da N-525.

## A XUNTA PON EN MARCHA PRETO DE 700 ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN DE MÁIS DE 10.000 GALEGOS SEN EMPREGO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 33 millóns de euros a diferentes programas de formación que permiten acceder a certificados de profesionalidade*
- *As actuacións, que inclúen de media 450 horas de formación, responden aos perfís profesionais que demandan as empresas e levaranse a cabo en entidades acreditadas pola Xunta, nos centros de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería e no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)*
- *Priorízanse este ano materias como o deseño da industria naval, ante as novas oportunidades que poden xurdir derivadas do aumento da carga de traballo nos estaleiros*
- *Poténciase a formación especializada no sector TIC como clave para a posta en marcha da fábrica intelixente, dentro da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0*
- *Estas accións formativas complétanse co programa de Formación Profesional co foco na Industria 4.0 ás cales se destinan 3 millóns de euros e das cales se beneficiarán 1.000 desempregados máis*
- *A aposta pola capacitación dos traballadores e traballadoras galegas ao longo de toda a vida laboral é un dos eixes principais da Axenda 20 para o Emprego, a nova planificación do Goberno galego en materia laboral*

A Xunta porá en marcha a partir deste mes de maio preto de 700 cursos de formación dirixidos prioritariamente a persoas desempregadas dos cales se beneficiarán máis de 10.000 galegos e galegas. Para levar a cabo esta iniciativa, o Goberno galego investirá 33 millóns de euros co obxectivo de mellorar a capacitación profesional dos galegos a así incrementar as súas posibilidades de atopar un posto de traballo, unha das prioridades da Axenda 20 para o Emprego da Xunta de Galicia.

Estas accións, cunha duración de media de 450 horas, responden aos perfís profesionais que están a demandar as empresas galegas e levaranse a cabo en entidades acreditadas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego, nos 12 centros de formación profesional dependentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

A formación que se impartirá nos centros acreditados e propios da Consellería están vinculados a un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado. Priorízanse este ano materias como modalidades de soldadura, caldeirería, estruturas metálicas e deseño da industria naval, ante as novas oportunidades que poden xurdir derivadas do aumento da carga de traballo nos estaleiros.



Ademais, como áreas formativas prioritarias establécense a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. A selección dos participantes realizarase sobre as persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

### **Formación TIC**

Doutro lado, coa programación formativa do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), a Xunta quere dar resposta ás novas demandas da industria galega e, por iso, esta actuación enmárcanse na aposta da Xunta polo sector TIC, que é transversal e clave para a posta en marcha da fábrica intelixente. O modelo da Industria 4.0 e as tecnoloxías asociadas a ela, que está a potenciar o Goberno galego, suporán oportunidades de negocio non só no sector fabril senón no resto da economía.

Son accións formativas prácticas, especializadas, intensivas e orientadas ao mundo laboral, baseadas nunha demanda real do sector e con adaptación continua a novos produtos e versións. É, polo tanto, unha formación áxil capaz de adaptar a oferta formativa ás necesidades do sector. Actualmente o CNTG representa un referente na formación pública de profesionais TIC, non só a nivel Galicia senón tamén en toda España.

A maioría das accións formativas inclúen como valor engadido da formación a posibilidade de que os participantes poidan realizar de balde un exame de certificación oficial de fabricante cuxa superación acredita o pleno dominio dun determinado produto ou ferramenta. Son certificacións de prestixio e con recoñecemento a nivel mundial ao estaren avaladas polo propio fabricante da tecnoloxía.

A capacitación dos traballadores e traballadoras galegos nas novas tecnoloxías está integrada nas principais estratexias económicas e de innovación de Galicia como son a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 e a Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0., que recolle medidas en eidos como o financiamento, a formación e, sobre todo, a innovación.

Esta oferta formativa, que dará comezo a partir deste mes, complétase cos 70 que se levarán a cabo a través do programa de formación profesional para o emprego co foco na Industria 4.0, tamén dirixido a persoas desempregadas, no cal participarán 37 centros e que se levará a cabo co acordo de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En definitiva, o obxectivo destes programas é mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas, tal e como se recolle na Axenda 20 para o Emprego, a nova planificación da Xunta en materia laboral con que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o

10% coa creación de 100.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos. Trátase dunha nova ferramenta do Goberno galego para impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral.

## A XUNTA DE GALICIA PORÁ EN MARCHA O PROXECTO INCLÚE, QUE APOSTA POLA APLICACIÓN DA I+D+I PARA AUMENTAR A EFECTIVIDADE DOS SERVIZOS DE INCLUSIÓN SOCIAL

- *Esta acción busca desenvolver un modelo de atención innovador para as persoas que se atopan en risco ou en situación de exclusión, a partir da experiencia das organizacións participantes*
- *O prazo de execución do contrato será de dez meses desde a súa sinatura e a Consellería de Política Social achegará para este fin un total de 56.000 euros*
- *A iniciativa enmárcase na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 que constitúe un novo e reforzado marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a continuidade do Proxecto INclúe: innovación para a inclusión social, consistente na aplicación da I+D+i no ámbito da inclusión social en Galicia e, en especial, no desenvolvemento do coñecemento para contribuír a unha maior efectividade dos servizos e actuacións que tratan de promover a inclusión social.

O proxecto busca desenvolver un modelo de atención innovador para as persoas que se atopan en risco ou en situación de exclusión, a partir das aprendizaxes derivadas da experiencia e da práctica das diferentes organizacións participantes, todas elas cunha ampla traxectoria no eido da inclusión social. O desenvolvemento do proxecto posibilita a realización dunha valoración obxectiva e homoxénea das eventuais situacións de exclusión que afectan a cidadanía. Unhas valoracións nun marco de colaboración interinstitucional, cun alto grao de participación e compromiso por parte das entidades sociais e colaboradoras.

O proxecto permite construír de maneira compartida a definición conceptual do modelo INclúe, que se reflicte en tres resultados intelectuais do dito proxecto. O primeiro deles recolle o documento de definición do propio Modelo INclúe, como aposta metodolóxica e conceptual por unha atención de calidade no ámbito da inclusión social. O segundo denomínase Manual INclúe, e configúrase como un instrumento de apoio para a aplicación deste novo enfoque metodolóxico e conceptual na atención a persoas en situación de exclusión social. Trátase dun manual que achega orientacións prácticas para a implementación do modelo iNclúe. E, por último, estes resultados abranguen a ferramenta tecnolóxica INclúe para facilitar a valoración técnica das situacións de exclusión social con criterios homoxéneos e que sexan susceptibles de ser aplicados polas entidades públicas e privadas que traballan en prol da inclusión social en Galicia. Esta ferramenta permite valorar con criterios obxectivos o grao de exclusión social en que se poida chegar a encontrar unha persoa.

O prazo de execución do contrato será de dez meses desde a súa sinatura e a Consellería de Política Social achegará para este fin un total de 56.000 euros, dos cales 33.600 euros corresponden a seis meses do ano 2016 e 22.400 euros para catro meses do ano 2017. Ata o momento, o proxecto INclúe fora financiado integramente polo Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo, logo da solicitude formulada por Emaús Fundación Social (entidade que liderou este proxecto ata o momento); mentres que a Xunta viña participando nel como socio de carácter público mediante a contribución do seu persoal técnico de servizos sociais.

O proxecto INclúe enmárcase na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, que constitúe un novo e reforzado marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as persoas destinatarias acaden a súa inclusión social e laboral.

Os fundamentos da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 revelan a idoneidade de introducir novas cuestións na abordaxe da pobreza e da exclusión social en Galicia. Así, ademais das xa comprendidas nas anteriores políticas nesta materia, engádense outras, como a presente, orientadas a aumentar o coñecemento sobre a inclusión social no país, co fin de mellorar a planificación e execución das diferentes políticas sectoriais.